



## Concello de Xermade

Expediente núm.: 173/2020

Informe de Secretaría

Procedemento: Cambios e Modificacións nas Condicións do Contrato

Tipo de Informe: Borrador  Provisional  Definitivo

### INFORME DE SECRETARÍA

De acordo co ordenado por Providencia de data 17 de marzo de 2020 e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, emito o seguinte,

### INFORME

**PRIMEIRO.** Os contratos do sector público só poderán modificarse cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SEGUNDO.** A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 63, 153, 191, 203, 205 a 207, 208 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP).

— Os artigos 97 e 102 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.** Os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos na Subsección 4ª da Sección 3ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207 da citada Lei.

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, una alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, a mesma só será acordada polo órgano de contratación previa conformidade por escrito do mesmo, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido no artigo 211.1.g).

**CUARTO.** As modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno na sesión extraordinaria celebrada o 23 de maio de 2019 son as que se indican na cláusula vixésimo sexta:

### 26. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 365Z5QKX74T3P5E51T34CKMEMR | Corrección: https://concelloxermade.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



## Concello de Xermade

*Procederán nos casos previstos na lexislación contractual, sempre que teñan relación co obxecto do contrato e sirvan ó cumprimento do seu fin. A modificación deste contrato suxeitarase ó disposto no artigo 203 e seguintes da LCSP.*

*O número de horas sinaladas na cláusula 5ª son unha estimación, polo que no caso de que sexa necesario un aumento do número de horas de prestación do servizo derivado da aplicación da Lei de Dependencia, o Concello poderá modificar (previa tramitación do expediente que acredite dispoñibilidade orzamentaria) – ao abeiro do artigo 203 da LCSP- o contrato, incrementando o número de horas de atención, cuxo custo máximo non poderá superar o 20% do prezo de licitación deste contrato excluído o IVE.*

*Tendo en conta que a estimación do custe do SAF dependencia é de 2.736.720,00€ (547.344,00€ x 5 anos), o importe da modificación non pode superar os 547.344,00€.*

*Así mesmo, e dado que o número de horas do contrato son unha estimación, pode acontecer que o número de horas efectivas sexa inferior ó número de horas estimadas. Neste caso o contratista só terá dereito a percibir o custe das horas efectivamente realizadas, pero nos casos nos que esta redución supoña unha estimación anual de horas inferior ó 20 % poderá instar a resolución do contrato.*

O propio prego só contempla unha posibilidade de modificación (aumento das horas de SAF dependencia concedidas pola Xunta de Galicia) que non pode exceder do 20% do tipo de licitación, excluído o IVE.

Debe indicarse que existe unha contradición entre esta previsión e o importe indicado (547.344,00 euros), dado que este último importe só ten en conta o importe das horas de SAF dependencia (2.736.720,00 euros), non o importe do prezo de licitación excluído o IVE (611.824,00€/ano x 4 anos = 2.447.296,00 euros) xa que neste último non se fai distinción entre as horas de SAF básico. Debemos atender a este último importe, de xeito que **o importe da modificación non pode superar os 489.459,20 euros.**

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**QUINTO.** No presente caso, consta informe da traballadora social do Concello de Xermade, de data 10/02/2020, no que sinala:

### “Previsión do orzamento 2020

O Servizo de Axuda no Fogar é un recurso moi demandado, especialmente nas zonas rurais onde a maioría da xente decide permanecer no seu entorno, recibindo os coidados necesarios que garanten unha calidade de vida digna. Vemos como é un servizo que ten moito éxito entre a veciñanza e que vai crescendo exponencialmente nos últimos anos.

Actualmente, o Concello de Xermade está prestando en torno a 3800 horas ao mes: das cales son 3258 as concedidas pola Xunta para as persoas valoradas como dependentes e o resto asúmeas o Concello pola modalidade básica.

A finais do ano 2019 o concello Xermade contaba con máis de 50 persoas que, aínda tendo Axuda no Fogar como recurso asignado pola Xunta de Galicia, desafortunadamente atopábanse nunha lista de agarda pola

## Concello de Xermade





## Concello de Xermade

imposibilidade de ofrecerlles o seu dereito recoñecido.

Dende o departamento de Servizos Sociais fixose un estudo exhaustivo da situación: valorando todas as opcións posibles e tentar paliar esta situación que se viña arrastrando dende hai tempo debido a gran demanda do Servizo e o seu incremento nos últimos meses.

Así, dende o Concello de Xermade solicitouse á Xunta de Galicia un aumento de 695 horas pola modalidade de dependencia. E tras valorar a nosa petición ofrecéronnos a suma de 914 horas. Debido ao esforzo que lle supón ao Concello este incremento, non pode asumir a totalidade das horas concedidas polo que se rexeita unha pequena parte das mesmas.

Á hora de facer a previsión do aumento de orzamento asignado para o Servizo de Axuda no fogar no ano 2020, cabe mencionar o seguinte:

- Tomase de referencia o listado actual do PAR de SAF a día 5 de febreiro de 2020.
- Por motivos contractuais, económicos e de organización esta ampliación non será efectiva ata o mes de abril; así pois neste estudo só se están valorando 9 meses do ano en curso.
- Trátase dunha estimación cos datos actuais; pero o Servizo de Axuda no fogar é un programa moi variable onde facer previsións ten unha dificultade engadida xa que os beneficiarios van cambiando ao longo do ano, así como as súas aportacións e as intensidades horarias.

### **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR - prestación básica**

<b>PREVISIÓN SAF 2020</b>	
Máximo de horas a prestar na actualidade: 407 h/mes 4.477 h/ ano	6.243,38 € /mes 68.677,18 €/ano 60.240,18 €/ano (se se descontan as 550h gratuitas)
Previsión subvención Xunta	0 €
Previsión subvención Deputación	<b>24.000 € (ano 2019)</b>
Copago	2.777.69 € /mes 30.554,59 € /ano
Aportación municipal	14.122,59 € 5.685,59 € (descontando as 550h gratuitas)

PREZO HORA: 15.34 € (IVE incluído - 10%)

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 365Z5QKX74T3PE5L734CKMEMR | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7



## Concello de Xermade

Tal e como establece a Ordenanza do Servizo, a principios do 2020 fíxose unha revisión do servizo pola modalidade básica: tanto para valorar a continuidade da prestación e as condicións nas que continuaban (intensidade horaria e copago). Coincidindo tamén coa modificación da Ordenanza fiscal. Cambios que se empezaron a aplicar co mes de febreiro.

Os datos que se mostran na tabla serían os correspondentes a estes novos datos. Tendo en conta só 11 meses (de febreiro ata decembro do 2020). E aplicando só 550 horas de melloras pola empresa (xa que 50 aplicáronse no mes de xaneiro).

De esta forma, estanse atendendo na actualidade a 26 persoas por esta modalidade.

## SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR - dependencia

PREVISIÓN SAF 2020- 695 HORAS	
Previsión facturación People Plus Innovation S.L.	90.697,5 €/ano 10.077,5 €/mes
Adxudicadas pola Xunta como máximo 695 h/mes	
Subvención Xunta:	60.673 €/ano
Copago	16.750,08 €/ano
Aportación municipal	13.278,6 €/ano

PREZO HORA: 14.50 € (IVE incluído - 4%)

**Esta previsión só ten en conta o aumento das 695 horas de dependencia. Aumento que se levará a cabo a partir do mes abril como se mencionou anteriormente.** Das cales se beneficiarían 16 persoas: 4 graos III e 12 graos II. A lista de agarda reduciríase de 52 a 33 persoas.

É importante resaltar que entre os 16 beneficiarios, hai 5 que xa estamos atendendo na modalidade básica. O que tamén conleva un cambio económico moi relevante e que quedaría da seguinte forma:

PREVISIÓN SAF BÁSICA 2020		
Máximo de	407 h/mes	308 h/mes
horas a	4.477 h/ ano	2.772 h/ano
prestar	6.243,38 € /mes	4.724 € /mes

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





## Concello de Xermade

	68.677,18 €/ano 60.240,18 €/ano (se se descontan as 550h gratuitas)	42.522,58 €/ano 35.619,48 €/ano (descontando as 450h gratuitas- correspondentes ao 9 meses)
Previsión subvención Xunta	0 €	0 €
Previsión subvención Deputación	24.000 € (ano 2019)	24.000 € (ano 2019)
Copago	2.777,69 € /mes 30.554,59 € /ano	1.963,13 € /mes 17.668,17 € /ano
Aportación municipal	14.122,59 € 5.685,59 € (descontando as 550h gratuitas)	854,41 € -6.048,69 (descontando as 450h)

Unha vez máis, cabe resaltar que estas cifras son variables xa que aínda que as cifras cambien porque 5 persoas cambien de unha modalidade a outra; existe a posibilidade de que outras persoas se beneficien da prestación do servizo sempre e cando non se exceda das 360 horas estipuladas.

E para que conste ós efectos oportunos, firmo o presente informe en Xermade a 10 de febreiro de 2020,

Lorena Bouza Piñón  
Traballadora social  
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE"

Tendo en conta o incremento de horas proposta (695 horas mensuais), en cómputo anual teríamos un total de 8.340 horas, cun custe anual de 120.930,00 euros (consonte ao prezo de adjudicación: 14,50 euros/hora, IVE incluído). **Tendo en conta a duración total do contrato (4 anos, ata o 30/08/2023), a modificación representa un custe total de 443.487,50 euros, a razón de 90.697,50 euros no 2020 (xa que se prevé que entre en vigor en abril) e 120.930,00 euros nos tres vindeiros anos (2021, 2022 e 2023), estando por debaixo do límite máximo previsto no prego (489.459,20 euros).**

**SEXTO.** Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de subministración que se acorden de conformidade co establecido no artigo 206 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 365Z5QKX74T3PE5LT34CKMEMR | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPublico | Páxina 5 a 7



## Concello de Xermade

---

algunha.

**SÉTIMO.** O procedemento para realizar a modificación do contrato será o seguinte:

**A.** Cando a responsable do contrato considere necesaria una modificación do mesmo, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se sustanciará con carácter de urxencia.

**B.** Deberase dar audiencia ao contratista, dándolle traslado da proposta e do informe para que, nun prazo de tres días hábiles, formule as alegacións que estime oportunas.

**C.** No caso de que a contía da modificación, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros, será preceptivo o ditame do órgano consultivo da Comunidade Autónoma [ou do Consello de Estado, se non existise].

**D.** Emitirase informe por Secretaría no que se determine se a proposta de modificación se axusta ao establecido na normativa aplicable (considerase cumprido este trámite coa emisión do presente informe)

**E.** Á vista das alegacións e dos informes emitidos, o órgano de contratación resolverá sobre a aprobación definitiva da modificación do contrato.

De conformidade co establecido nos puntos 1 e 2 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento (capítulo 1 a 5 do orzamento de ingresos menos recursos de carácter non recorrente ou extraordinarios) nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme ao apartado anterior.

No presente caso, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno na sesión organizativa celebrada o 15/07/2019.

Está en trámite un suplemento do crédito por importe de 16.750,08 euros financiado con maiores ingresos dos usuarios (pendente de publicación do anuncio de aprobación definitiva), sendo necesario tramitar tamén unha xeración de crédito polos maiores ingresos afectados da Xunta de Galicia (por importe de 60.673,00 euros). Polo tanto, en tanto non de dispoña do crédito necesario no vixente orzamento, a modificación contractual non pode ser aprobada con carácter definitivo.

**F.** Finalmente, de conformidade co 203.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153, e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63.

**G.** Os anuncios de modificación e a súa xustificación deberán publicarse de acordo co establecido no artigo 63 da Lei.

Así mesmo, no caso de que o contrato obxecto de modificación estea suxeito a regulación harmonizada, deberase publicar no «Diario Oficial da Unión Europea» o correspondente anuncio de modificación conforme ao establecido na Lei.

---

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 365Z5QKX74T3PE5L734CKMEMR | Corrección: https://concelloxermade.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 de 7



## Concello de Xermade

---

En calquera caso, se o contrato se modifica durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, no seu caso, se solicitaron con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

Tendo en conta a situación na que nos atopamos, declarado o estado de alerta polo Goberno do Estado o pasado 15/03/2020, cunha duración inicial de quince días hábiles, e dado que por parte da FEGAMP se recomenda a non celebración de órganos colexiados, estando polo tanto pendente de decisión a necesidade de celebrar a vindeira Xunta de Goberno Local ordinaria o 26/03/2020, non se observa inconveniente en que os trámites se inicien por Decreto da Alcaldía, outorgando audiencia ao contratista a efectos de que quede constancia da súa conformidade.

É informe que emito en Xermade, a 17 de marzo de 2020, sen perxuízo doutro mellor fundado en dereito.

A secretaria-interventora

María Cristina Varela García

(documento asinado dixitalmente)

Enterado e conforme,

O alcade

(documento asinado dixitalmente)

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XERMADE**

---

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 365Z5QKX74T3PE5LT34CKMEMR | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7